Trachycarpus fortunei (Hook.) H. Wendl., 1861

	palmeira de abano
	palma excelsa, palmito elevado, palma de fortune
	palmera excelsa
	windmill palm, chusan palm
	palmeira-de-chapéu-de-sol, palmeira-de-leque-chinesa



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Liliopsida**	**Arecales**	**Arecaceae**	***Trachycarpus***

ORIXE

A China e Myanmar.

CARACTERÍSTICAS

Palmeira monoica cun único tronco que alcanza os 12-15 m de altura e uns 20 cm de diámetro. Cuberta cos restos de bases de follas vellas caídas e unha fibra escura e brillante; o tronco é máis groso na parte superior. Follas de ata 120 cm de diámetro, palmadas, redondeadas e de cor verde escura, aínda que ás veces cun envés máis claro. Están divididas na base en segmentos erectos ou lixeiramente curvos, e o pecíolo, de ata 90 cm de longo, ten unha base fibrosa e unha marxe finamente serrada. Flores dispostas en inflorescencias axilares tipo panícula, máis curtas cás follas e protexidas por 2-4 brácteas amareladas. Flores tamén amareladas, cun periandro formado por 2 verticilos de 3 partes. O androceo consta de estames con filamentos curtos e anchos, e o xineceo dun ovario tricarpelar. Froito esférico ou en forma de ril, de 1,2 cm de diámetro e denegrido.

HÁBITAT

Crece en solos ben drenados e lixeiramente ácidos, aínda que tamén se pode adaptar a solos máis calcarios. Prefire zonas con boa exposición solar, aínda que pode tolerar algo de sombra, especialmente en climas cálidos.

DISTRIBUCIÓN

Cultívase en todo o mundo, mesmo en climas fríos.

CURIOSIDADES

Úsase na industria para a produción de cepillos de fibra. As súas sementes teñen usos medicinais.